

Recurso nº 108/2018**Resolución nº 95/2018****RESOLUCIÓN DO TRIBUNAL ADMINISTRATIVO DE CONTRATACIÓN
PÚBLICA DA COMUNIDADE AUTÓNOMA DE GALICIA**

En Santiago de Compostela, a 22 de outubro de 2018.

VISTO o recurso especial en materia de contratación interposto por don E.A.L., actuando en nome e representación de NACIL MÉDICA 4 GROUP, S.L. contra a exclusión da súa oferta para os lotes 1 e 2 da licitación polo Servizo Galego de Saúde dunha subministración de superficies especiais de manexo de presión (SEMP) dinámicas para pacientes de alto risco de deterioro da integridade cutánea, para a Estrutura Organizativa de Xestión Integrada de Santiago de Compostela, expediente AB-EIS 1-18-032, o Tribunal Administrativo de Contratación Pública da Comunidade Autónoma de Galicia (TACGal, en adiante) en sesión celebrada no día da data, adoptou, por unanimidade, a seguinte Resolución:

ANTECEDENTES DE FEITO

Primeiro.- Polo Servizo Galego de Saúde convocouse a licitación dunha subministración de superficies especiais de manexo de presión (SEMP) dinámicas para pacientes de alto risco de deterioro da integridade cutánea, para a Estrutura Organizativa de Xestión Integrada de Santiago de Compostela, expediente AB-EIS 1-18-032, cun valor estimado declarado de 99.200 euros. Tal licitación foi obxecto de publicación na Plataforma de Contratos Públicos de Galicia o 14.06.2018.

Segundo.- Segundo o expediente da licitación, a mesma estivo sometida á Lei 9/2017, do 8 de novembro, de Contratos do Sector Público (LCSP en adiante).



Terceiro.- O recurso presentouse por sede electrónica da Xunta de Galicia o 15.10.2018 contra a citada exclusión, que lle foi notificada electrónicamente o 21.09.2018.

Cuarto.- Con data 16.10.2018 reclamouse ao Servizo Galego de Saúde o expediente e o informe ao que se refire o artigo 56.2 da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de contratos do sector público (en diante, LCSP). A documentación foi recibida neste Tribunal o día 18.10.2018.

Quinto.- Respecto da suspensión cautelar solicitada, non foi necesario adoptar decisión sobre a mesma porque xa se pasa a resolver o recurso en si mesmo.

FUNDAMENTOS DE DEREITO

Primeiro.- Ao abeiro do artigo 35 bis. 5 da Lei 14/2013, de 26 de decembro, de racionalización do sector público autonómico, corresponde a este Tribunal a competencia para resolver este recurso.

Segundo.- O presente recurso tramitouse conforme os artigos 44 a 60 da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de contratos do sector público, e, no que fose de aplicación, polo Regulamento dos procedementos especiais de revisión de decisións en materia contractual, aprobado polo Real Decreto 814/2015, de 11 de setembro.

Terceiro.- A recorrente posúe lexitimación para interpoñer o recurso porque participou como licitadora na contratación.

Cuarto.- Dadas as datas descritas, o recurso foi interposto en prazo.

Quinto.- A recorrente centra o seu recurso na precisa descrición dos produtos ofertados, para os lotes 1 e 2, argumentando que se axustan aos descritos nos pregos reitores da contratación.

Sexto.- O informe do órgano do órgano de contratación ratifícase nos motivos de exclusión da recorrente e solicita a desestimación do recurso especial.

Sétimo.- No exame do expediente recibido, este Tribunal apreciou que existe no prego de cláusulas administrativas particulares, un apartado 3.1 denominado “*Valor estimado del contrato/presupuesto*”, onde establece que tal valor estimado da contratación é de 99.200 euros.

O acto impugnado, na información do recursos, alude á interposición deste recurso especial (en todo caso, con referencia errónea cara o Tribunal Administrativo Central de Recursos Contractuais, e non perante este TACGal), o cal, como é sabido, non causa estado, polo que debemos analizar se é así.

Efectivamente, o primeiro a analizar é se nos atopamos ante un acto susceptible de recurso especial, por razón da súa contía.

A licitación da subministración ten un valor estimado declarado de 99.200 euros, como vimos, polo que segundo o previsto no artigo 44.1-a) LCSP, non cabe recurso especial por non acadar o limiar susceptible de recurso.

Dito precepto legal establece que serán susceptibles de recurso especial os actos e decisións enumerados no apartado segundo, cando se refiran aos seguintes contratos que relaciona e que, polo que aquí afecta, os contratos de subministración dun valor estimado superior aos 100.000 euros.

No expediente de contratación consta que o contrato de subministración obxecto de impugnación non cumpre esa esixencia de limiar económico e por iso é un acto non susceptible de impugnación, polo que procede declarar a inadmisión do recurso.

Así, o artigo 55 LCSP establece que o órgano encargado de resolver o recurso, tras a reclamación e exame do expediente administrativo, poderá declarar a súa inadmisión cando constar de modo inequívoco e manifesto calquera dos supostos dese precepto, entre os cales, na letra c) está o de “*A interposición do recurso contra actos non susceptibles de impugnación, de conformidade co disposto no artigo 44*”.

En todo caso, e dada ademais a información dada na resolución sobre a vía impugnatoria, en virtude do artigo 115.2 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas procede remitir o escrito de recurso ao órgano de contratación ao obxecto de que proceda, no seu caso, á súa tramitación como recurso administrativo, de acordo co previsto no Capítulo II do Título V desa Lei.

Por todo o anterior, vistos os preceptos legais de aplicación, este Tribunal, en sesión celebrada no día da data, **RESOLVE:**

1. **Inadmitir** o recurso interposto por NACIL MÉDICA 4 GROUP, S.L. contra a exclusión da súa oferta para os lotes 1 e 2 da licitación, polo Servizo Galego de Saúde, dunha subministración de superficies especiais de manexo de presión (SEMP) dinámicas para pacientes de alto risco de deterioro da integridade cutánea, para a Estrutura Organizativa de Xestión Integrada de Santiago de Compostela, expediente AB-EIS 1-18-032.

2. Remitir o escrito de recurso ao órgano de contratación co obxecto de que proceda, no seu caso, á súa tramitación como recurso administrativo, de acordo co previsto no Capítulo II do Título V da Lei 39/2015.

3. Declarar que non se aprecia temeridade ou mala fe na interposición do recurso, polo que non procede a imposición da multa prevista no artigo 58.2 LCSP.

Esta resolución, directamente executiva no seus propios termos, é definitiva na vía administrativa e contra a mesma cabe interpoñer recurso perante a Sala do contencioso-administrativo del Tribunal Superior de Xustiza de Galicia, no prazo de dous meses, a contar desde o día seguinte á notificación desta resolución, de conformidade co disposto nos artigos 10.1.k) e 46.1 de la Lei 29/1998, de 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa.